

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A, ORANGE ESPAGNE, S.A.U., VODAFONE ESPAÑA, S.A. e REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS PROBAS DE CONCEPTO NO EIDO DO 5G NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que, a Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) pretende formalizar con Telefónica Móviles España S.A, Orange Espagne S.A.U, Vodafone España S.A e Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre AMTEGA, Movistar, Orange, Vodafone e Retegal para promover o desenvolvemento de diferentes probas de concepto coa utilización da tecnoloxía 5G na Comunidade Autónoma de Galicia para converter a Galicia nun referente estatal, dentro da Medida 3 do Plan Galicia 5G.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte.

A AMTEGA ten, entre outras competencias e funcións, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

RETEGAL constitúe unha sociedade mercantil pública autonómica, declarada medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

No mes de xullo de 2013, asinouse o *Pacto para o avance dixital de Galicia* entre a Xunta de Galicia e empresas TIC que operan en Galicia, no que se incorpora un decálogo de compromisos a cumprir por todas as partes e poder conseguir así unha firme cooperación que convertese ao sector da economía do coñecemento nun dos motores da economía para poder acadar o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020.

Por outra banda, a Xunta de Galicia a través da AMTEGA ven de publicar o seu Plan Galicia 5G, no que se fai fincapé na necesidade de colaborar no eido da dita tecnoloxía, en base ás competencias autonómicas en materia de fomento e promoción da economía, e define, como resultado último da labor colectiva levada a cabo no ámbito do devandito Plan, unha serie de medidas (4) para impulsar a implantación das 5G en Galicia.

Dentro a Medida 3 do Plan Galicia 5G (Galicia rexión piloto 5G) contempla a realización de probas de concepto das tecnoloxías 5G, destacando a necesidade de que na súa definición se impliquen os operadores, o hipersector TIC e os diferentes sectores socioeconómicos de Galicia, coa intención de que se aborden de forma innovadora retos de relevancia para Galicia.



Que, é interese dos operadores de telecomunicación que dispoñen de frecuencias en 5G e asinantes do Pacto Dixital de Galicia (Movistar, Orange e Vodafone), RETEGAL e AMTEGA, e no ámbito do decálogo asinado, potenciar o uso das novas tecnoloxías na Comunidade Autónoma de Galicia, e especialmente converter Galicia nun referente do 5G a nivel estatal.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acódese a un suposto de “colaboración entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado” regulados polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende asinar, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

